



# BOP

MARTES, 8 DE NOVIEMBRE DE 2022

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 08-11-22 N.º 255  
ata a día 08-12-22  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

## DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### RRHH-SELECCIÓN PROMOCIÓN E CARREIRA

##### Anuncio

**CONVOCATORIA E BASES PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN DE LUGO DENOMINADO ASESOR/A TÉCNICO/A ADSCRITO AO SERVIZO DE CONTABILIDADE E CONTAS, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN.**

A Presidencia da Deputación de Lugo con data 02 de novembro de 2022, adoptou a seguinte resolución:

*"Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:*

*"En consideración a que o artigo 101 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local sinala que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos por persoal funcionario, salvo os que correspondan a persoal funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, se proverán en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou por libre designación, de acordo coas normas que regulen estes procedementos en tódalas Administracións Públicas; e que as ditas convocatorias de provisión de postos de traballo, ademais da participación do persoal funcionario propio da entidade convocante, poderá participar o persoal funcionario que pertenza a calquera das Administracións Públicas, quedando neste caso supeditada a participación ás condicións, de clasificación e outras, que ao respecto se establezan nas relacións de postos de traballo.*

*Tendo en conta o disposto sobre estes procedementos de provisión de postos na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que sinala:*

*No artigo 88*

*" Principios xerais*

*1. Os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira proveranse de forma ordinaria polo procedemento de concurso, ordinario ou específico, ou de libre designación con convocatoria pública, de acordo co que figure na relación de postos de traballo e con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*2. As convocatorias para prover postos de traballo polo procedemento de concurso, ordinario ou específico, ou de libre designación, así como as respectivas resolucións, débese facer públicas no diario oficial correspondente o órgano competente para efectuar as adxudicacións dos postos."*

*E no artigo 92:*

*"Libre designación con convocatoria pública*

*1. A libre designación con convocatoria pública consiste na apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos exixidos para o desempeño do posto.*

*2. Soamente se poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aqueloutros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.*

*Os postos clasificados como de libre designación estarán sometidos a dispoñibilidade horaria nos termos que se establezan regulamentariamente.*

*3. As convocatorias para a provisión de postos por libre designación incluírán os seguintes datos:*

*a) A identificación do posto.*

*b) Os requisitos necesarios para participar na convocatoria.*

*4. O órgano competente para a adxudicación dos postos pode solicitar a intervención de especialistas que permitan apreciar a idoneidade dos candidatos.*

5. Nos supostos de provisión polo procedemento de libre designación de postos de traballo abertos a persoal funcionario docente nas relacións de postos de traballo, calquera que sexa o corpo a que pertenza, ou ao corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa, este persoal terá dereito á reserva do posto de traballo docente ou da función inspectora de procedencia, sempre que o ocupase con carácter definitivo”.

Por outra parte, en relación ás previsións recollidas no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para o caso de cese, remoción ou supresión destes postos de traballos, cuxa provisión se realiza polo sistema de libre designación; no suposto de que o persoal funcionario que obteña o posto que se pretende prover proveña doutra administración, a Deputación manifesta a intención de ofrecerlle ao persoal funcionario cesado a súa adscrición a outro posto de traballo conforme ao sistema de carreira profesional e provisión de postos vixente na Entidade. No caso de que o persoal afectado decline aceptar o dito ofrecemento e opte por solicitar o reingreso na administración de orixe, deberase facer conforme ao procedemento e condicións recollidas no artigo 84.3 da citada disposición.

Visto que na Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo vixente (BOP 20 de agosto do 2018), figura vacante e dotado o posto de traballo nº 1.268, denominado “Asesor/a Técnico/a”, cuxas características e requisitos de cobertura figuran no Anexo I, a prover polo sistema de Libre Designación; esta Presidencia, considerando necesario para o bo funcionamento do Servizo de Contabilidade e Contas, ao que será adscrito o dito posto, que sexa provistado regulamentariamente; e en uso das atribucións que lle confire o artigo 34.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; propono que a Presidencia resolva:

1º.- Aprobar as bases que rexerán a provisión do posto de traballo nº 1.268, denominado “Asesor/a Técnico/a”, a prover polo sistema de Libre Designación.

2º.- Convocar, polo sistema de libre designación, a provisión do posto sinalado, conforme ao establecido na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) desta Entidade.

3º.- Ordenar que se leve adiante a publicación desta convocatoria e das Bases para a provisión do referido posto de traballo, xunto co Anexo I das mesmas, no BOP, enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE) e a execución dos trámites legalmente previstos e necesarios para levar a cabo a provisión do referido posto de traballo”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

*Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.”*

**BASES PARA PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADO A PERSOAL FUNCIONARIO, DENOMINADO “ASESOR/A TÉCNICO/A”, ADSCRITO AO SERVIZO DE CONTABILIDADE E CONTAS, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN.**

#### **a) NORMAS DE APLICACIÓN**

A presente convocatoria rexerese polo disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, R.B.R.L.; no Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; na Lei 30/1984, de 2 de agosto de M.R.F.P.; no R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, T.R.R.L.; e conforme ao artigo 168 do anterior R.D 781/86 polas normas que en desenvolvemento da lexislación básica en materia en función pública local dite a Administración do Estado; serán tamén de aplicación o Decreto 93/1991 de 20 de marzo polo que se aproban o regulamento de provisión de postos de carreira, promoción profesional e promoción interna da Xunta de Galicia aplicable ao persoal da Administración local no que non este reservado a lexislación do Estado; e R.D. 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de traballo e Promoción Profesional de Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

Así mesmo como normas propias desta Entidade aplicaráselle o sinalado no Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo e no Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo aprobado definitivamente en sesión plenaria de 25 de setembro de 2006 (BOP 30 de setembro de 2006).

#### **b) OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto das presentes bases a regulación da provisión polo procedemento de libre designación do posto de traballo denominado **ASESOR/A TÉCNICO/A**, adscrito ao Servizo de Contabilidade e Contas.

Este posto figura na vixente Relación de Postos de Traballo, está vacante e dotado orzamentariamente, está reservado ao réxime xurídico funcional e a súa provisión efectuarase polo sistema de Libre Designación.

A convocatoria e as presentes bases publicaranse integramente no BOP, enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

Publicaranse tamén na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH), no Taboleiro de Anuncios da Entidade e no Portal do/a empregado/a.

**c) CONDICIÓN E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN .**

Neste procedemento de provisión poderán participar o persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo e de outras Administracións Públicas, que reúnan as condicións que se determinan no Anexo I das presentes bases, calquera que sexa a súa situación administrativa, excepto as persoas suspensas en firme que non poderán participar mentres dure a suspensión.

Os requisitos de participación deberán posuírse na data na que remate o prazo de presentación de instancias.

**d) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN**

As persoas aspirantes que desexen tomar parte na provisión do posto de traballo que se convoca, deberán presentar solicitude axustada ao modelo oficial.

**a) MODELO DE SOLICITUDE.**

O modelo de solicitude figura como Anexo II das presentes bases e estará a disposición das persoas que queiran participar, na web corporativa da Deputación de Lugo, apartado emprego público - Recursos Humanos en formato editable.

A persoa aspirante deberá cubrir todos os apartados e relacionar no punto IV os méritos que quere facer constar e valer en relación aos cometidos e funcións do posto de traballo que se convoca.

**b) DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGARSE COA SOLICITUDE:**

- Acreditación do nivel de galego esixido no Anexo I destas bases.
- Os informes, certificacións, títulos e demais medios de proba (orixinais, auténticos, validados ou compulsados) que acrediten os méritos e requisitos que relaciona na solicitude.
- Unha memoria do posto solicitado. Esta memoria consistirá nunha análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, con base na descrición do posto contido no anexo. A extensión da memoria será, como máximo, de dez follas en tamaño DIN-A4, mecanografiadas a dobre espazo por unha soa cara. O órgano que resolva o procedemento poderá opcionalmente citar a algunha das persoas solicitantes para realizar entrevistas baseadas no contido da memoria.

**c) PRAZO DE PRESENTACIÓN.**

O prazo para presentar solicitudes será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da Convocatoria no BOE.

**d) LUGAR DE PRESENTACIÓN.**

As persoas aspirantes deberán presentar a solicitude de participación xunto coas acreditacións dos méritos e a memoria en formato PDF no rexistro electrónico da Deputación Provincial de Lugo, seguindo as seguintes pautas:

- a) Entrar na web corporativa da Deputación de Lugo, sede electrónica - recursos humanos - solicitude provisión postos, alta de solicitude.
- b) Acceder mediante certificado dixital utilizando un certificado electrónico recoñecido e válido.
- c) Incorporar a solicitude (formato PDF)
- d) Incorporar as acreditacións dos méritos orixinais, autenticados ou validados (formato PDF)
- e) Incorporar a Memoria (formato PDF)
- d) Asinar todos os documentos e rexistrar a solicitude.

**e) PROBA DE GALEGO.**

As persoas aspirantes admitidas que non acrediten o nivel de galego esixido no Anexo I, serán convocadas e deberán realizar unha proba de galego, cuxo contido consistirá nunha tradución dun texto do castelán ao galego ou do galego ao castelán, no tempo máximo que determine o Tribunal.

Esta proba, de carácter obrigatorio e eliminatoria, cualificarase como apto/a ou non apto/a.

Quedarán eliminadas da provisión as persoas aspirantes que non acaden o resultado de aptas.

**f) RESOLUCIÓN E NOMEAMENTO.**

O Presidente da Deputación Provincial, previa emisión dos informes que correspondan, resolverá no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data na que remate o prazo para a presentación de instancias,

nomeando á persoa funcionaria candidata que, reunido os requisitos esixidos, considere máis adecuada para o desempeño do posto de traballo correspondente; ou declarando deserta a convocatoria, de considerar que ningunha das persoas aspirantes reúne as condicións de idoneidade necesarias para o desempeño das funcións e tarefas específicas do posto obxecto da convocatoria.

A resolución do procedemento publicarase no BOP, no Taboleiro da Deputación e na páxina Web da Entidade no apartado Emprego Público (RRHH).

#### **g) TOMA DE POSESIÓN.**

Realizado o nomeamento polo Presidente da Deputación Provincial e publicado o mesmo no BOP, a persoa nomeada deberá tomar posesión nun prazo de tres días hábiles.

O dito prazo empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cese na administración de orixe, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

De todo iso deixarase constancia no expediente individual e no libro de Rexistro.

#### **h) IMPUGNACIÓN**

As presentes bases e todos os actos derivados das mesmas poderán ser impugnados de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **i) RECURSOS.**

Contra a resolución pola que se aproben as bases e se realiza a presente convocatoria, que é definitiva na vía administrativa, poderán ás persoas interesadas interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Presidente da Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no BOP; ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

## ANEXO I

POSTO DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO QUE SE CONVOCA, A PROVER POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN:

POSTO QUE SE CONVOCA:

| DENOMINACIÓN POSTO. | Nº POSTO | DENº Vac. | RX | CD | CE           | TP | FP | SIT | ADSCRICIÓN E LOCALIZACIÓN         | DESCRIPCIÓN E FUNCIONS DO POSTO  |
|---------------------|----------|-----------|----|----|--------------|----|----|-----|-----------------------------------|--|
| Asesor/a Técnico/a  | 1268     | 1         | F  |    | 271.933,52\$ | S  | L  | VD  | Servizo de Contabilidade e Contas | <p>Asesoramento, Informe e Apoio técnico ás estruturas superiores de decisión, nas materias propias do Servizo de Contabilidade e Contas, conforme ao recollido na monografía do posto.</p> <p>Expresamente:</p> <p>Colaboración na formación e elaboración de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-O Orzamento.</li> <li>-A Conta Xeral.</li> <li>-Liquidación do Orzamento.</li> <li>-Subministro de información.</li> <li>-Informes de estabilidade e regra de gasto.</li> <li>-Informes de Periodo medio de pago e Morosidade.</li> </ul> <p>Control de xestión orzamentaria.</p> <p>Colaboración na xestión da plataforma ACCEDE (subvencións).</p> <p>Realización de estudos, informes e propostas en materia de xestión económica, orzamentaria e fiscal.</p> <p>Preparación da información a remitir ao Tribunal de Contas de expedientes do artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.</p> <p>Colaboración na xestión do Rexistro contable de facturas.</p> <p>Revisións da contabilidade financeira para garantir a súa adecuación á normativa vixente.</p> <p>Actualización profesional motivada da lexislación cambiante.</p> |

## - REQUISITOS ESPECÍFICOS DE PARTICIPACIÓN:

| PRAZAS DOS GRUPOS/<br>SUBGRUPOS | FUNCIONARIOS/AS QUE PODEN PARTICIPAR  | CLASIFICACIÓN  | NIVEL DE GALEGO ESIXIDO |
|---------------------------------|---|--|-------------------------|
| A-A1 e A- A2                    | Persoal funcionario desta Deputación Provincial de Lugo; persoal funcionario da Administración Local, Escalas Administración Xeral ou Especial; ou persoal funcionario doutros Corpos ou Escalas do resto das Administracións Públicas, incluído o persoal docente e universitario. | Escala de Administración Xeral, subescala técnica ou de xestión; ou escala de administración especial, técnicos superiores e técnicos medios; segundo o sistema de clasificación vixente nas Administracións Locais.<br><br>Persoal funcionario doutros Corpos ou Escalas correspondentes a outras Administracións Públicas. | CELGA 4                 |

## ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE DE PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO ASESOR/A TÉCNICO/A ADSCRITO AO SERVIZO DE CONTABILIDADE E CONTAS, RESERVADO A PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN DE LUGO, A PROVISTAR POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN

| I DATOS PERSOAIS:                                       |             |                             |                    |                          |               |
|---|-------------|-----------------------------|--------------------|--------------------------|---------------|
| NOME  |             | PRIMEIRO APELIDO            |                    | SEGUNDO APELIDO          |               |
|   |             |                             |                    |                          |               |
| TIPO DE VÍA   | NOME DE VÍA |                             | NÚMERO             | LETRA                    | ESCALEIRA     |
|   |             |                             |                    |                          |               |
| PISO  | PORTA       | PAÍS                        | PROVINCIA          | CONCELLO                 | CODIGO POSTAL |
|   |             |                             |                    |                          |               |
| TELÉFONO MÓBIL  |             |                             | CORREO ELECTRÓNICO |                          |               |
|   |             |                             |                    |                          |               |
| II. DATOS PROFESIONAIS                                  |             |                             |                    |                          |               |
| AAPP ou Entidade Pública na que presta os seus servizos |             |                             | Réxime xurídico    | Situación administrativo |               |
|   |             |                             |                    |                          |               |
| Praza da que é titular                                  |             |                             |                    | Grupo/Subgrupo           |               |
|   |             |                             |                    |                          |               |
| Posto de traballo que ocupa                             |             | Encadramento ou adscripción |                    | Nivel de Galego          |               |
|   |             |                             |                    |                          |               |
| Titulación Académica                                    |             |                             |                    |                          |               |
|   |             |                             |                    |                          |               |

**IV. RELACIÓN DE MÉRITOS QUE FAI CONSTAR A PERSOA ASPIRANTE**

|  |
|--|
|  |
|--|

**O/A QUE ABAIXO ASINA,**

**DECLARA:** Que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

**SOLICITA:** Ser admitido/a a o proceso de provisión do/s posto/s de traballo ao/s que fago referencia.

LUGO, ..... de ..... de 2022



| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS              |  |
|---|--|
| Responsable do tratamento                                   | DEPUTACIÓN DE LUGO   |
| Finalidade do tratamento                                    | A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.   |
| Lexitimación para o tratamento                              | Cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento.   |
| Persoas destinatarias dos datos                             | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.                  |
| Exercicio de dereitos                                       | As persoas interesadas poderán acceder, rectifica e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Deputación de Lugo. Ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. |
| Contacto delegado de protección de datos e máis información | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Teléfono: 982260000 -Fax: 982180004</li> <li>• Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org</li> <li>• Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org</li> </ul>  |
| Actualización normativa                                     | No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.   |

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web:  
[http://deputacionlugo.gal/gl/rexistro\\_actividades\\_tratamento/xestion\\_servizo\\_rrhh](http://deputacionlugo.gal/gl/rexistro_actividades_tratamento/xestion_servizo_rrhh)

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.